

PREGUNTA DE AER SOBRE O SANEAMENTO DE SOUTOXUSTE

PLENO 4 XULLO 2013. ACTA 13/2013

Pregunta presentada polo grupo municipal AER que se transcribe a continuación:

“No barrio de Soutoxuste do Viso, o saneamento está construído dende hai xa tempo, pero os veciños queixanse e denuncian que non poden acometer os enganches por motivos burocráticos, parece ser. Esta situación está a provocar problemas entre os veciños. Nos últimos días recibimos na Agrupación de Electores copia de varios rexistros de veciños do Camiño do Pazo de Soutoxuste, en relación cos problemas que lles causa a conexión dunha tubaxe de vertido de augas sucias a unha zona de regadío por parte doutro veciño. Dicar que estes veciños xa van pola cuarta reclamación que fan ao Concello. A primeira o 31/01/2012 polo rexistro do concello, a segunda o 10/07/2012 tamén polo rexistro, a terceira o 18/03/2013 a través da Liña Verde, e a cuarta e esperamos que última o 12/07/2013 tamén no rexistro. Todo isto sen que se solucionara o problema ou se lles dera algún tipo de explicación. En varios consellos parroquiais xa se ten preguntado polo saneamento de Soutoxuste, sen que se aportaran respostas concretas e claras, e sen que se observaran avances significativos. Por todo o anterior preguntamos:

Que problemas existen co saneamento do barrio de Soutoxuste no Viso, como se lles vai dar solución e cando os veciños poderán empezar a realizar os enganches das súas vivendas?”

O concelleiro Sr. Álvarez Ballesteros indica que os veciños xa poden facer o enganche cando o consideren oportuno e, en canto ás peticións veciñais, que nesa zona existen graves enfrontamentos entre veciños.